



SOLUCIONARIO DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

TAREFA 1 (...../5)

NÚMERO DO ENUNCIADO	0	1	2	3	4	5
LETRA DO TEXTO	A	H	D	G	F	E

TAREFA 2 (...../7)

	DOCUMENTO 1	RESPOSTAS
0	Ex. Cantos estudantes comezaron a selectividade?	<i>Dez mil seiscentos</i>
1	Cal será a seguinte proba?	Lingua e Literatura Galega
2	Na proba de Lingua Castelá e Literatura houbo preguntas sobre Azorín, a xeración do 98 e...?	García Márquez
3	Cantos estudantes presencian a apertura dos exames?	Dous / dous estudantes
4	Que porcentaxe da nota supoñen estas probas?	O 40%
	DOCUMENTO 2	RESPOSTAS
5	Cantas escolas infantís da Galiña Azul hai?	Cento corenta e dúas
6	Cantas máis prazas se ofertan este ano respecto o anterior?	Setecentas
7	Cando remata o prazo de inscrición?	O 31 deste mes

TAREFA 3 (...../6)

NÚMERO DO ENUNCIADO	0	1	2	3	4	5	6
V / F	V	F	V	V	V	F	F

TAREFA 4 (...../7)

NÚMERO DO ENUNCIADO	0	1	2	3	4	5	6	7
LETRA	B	A	C	C	B	A	A	C



Transcricións de textos:

TAREFA 1:

Ex. 0.- Cada pai co seu tema; ven á túa tenda Cenor Electrodomésticos e leva unha Tablet Blue Sense Android 4.1 de 10,1 polgadas, pantalla IPS de alta definición, 8 xigas de memoria e 25 de almacenamento na nube por só 189 €. Cada pai co seu tema. Cenor, tendas de electrodomésticos. Está cerca, é Cenor.

Fonte: Radio Galega

1. - Agora e só ata o 28 de febreiro nunha selección de marcas de moda de muller, homes, xuventude, infantil, accesorios e zapatería tes ata o 70% de desconto. Rebaixa final nas rebaixas de moda do Corte Inglés. Só ata o 28 de febreiro, aprobeítaa.

Fonte: Radio Galega

2. - En tendas Gran Sol, coma sempre, aforrar é moi fácil. Pescada galega, 3,50 € o kg; ventrecha de bacallau, 3 € o kg; filete de panga, 3 € o kg; arroz cinco delicias, 2,50 € o kg. En tendas Gran Sol, compre conxelados de calidade ao mellor prezo.

Fonte: Radio Galega

3. - Entroido! Entroido! Entroido! Se queredes causar sensación e ter o mellor disface ou se sodes un grupo e precisades un lote grande, a *donde* acudir? A Plásticos Santi. Disfraces! Disfraces! Disfraces! Disfraces para adultos dende 7,99 €. Miles de disfraces en plásticos Santi con todos os complementos que precisas. Non quedes sen o teu! Plásticos Santi en Boisaca, Santiago, autobús liña 1.

Fonte: Radio Galega

4. - É o momento, o momento de levar o que mirabas no escaparate e non compraches, de poñerte de moda e a un prezo que gusta, porque o que queres, agora pódello pedir ás rebaixas, pídello ás rebaixas do Corte Inglés. Traxes e americanas para home cun 40% de desconto, pídello ás rebaixas, pídello ao Corte Inglés.

Fonte: Radio Galega

5. - Este domingo en Monfero 14.^a feira do grelo. Exposición e venda de maquinaria agrícola, grelos e produtos do campo, premios para as mellores madas e as cestas máis xeitosas, magnífico xantar con degustación de grelos, con lacón, costela, orella e, pola tarde, baile co grupo Boomeráng. Lembra, o domingo no pavillón de Val Xestoso, feira do grelo en Monfero. Ven e goza da nosa festa.

Fonte: Radio Galega

TAREFA 2:

TEXTO 1

Hoxe é un día decisivo para os máis de 10.600 estudantes que comezaron esta mañá a selectividade en Galicia, a porta de entrada á universidade. Pedro Rielo, levan xa dous exames e pola tarde teñen outras dúas probas.

Si, nunha hora abríranse de novo estas portas onde agardan Lingua e Literatura galega. Tempo, polo tanto, agora, de repasar. Principiaban con Lingua e Literatura Española, por aí estaba García Márquez, a Xeración do 98, Azorín; logo era a quenda para Historia de España, con



posibilidade de escoller un texto sobre a Transición Política ou ben as constitucións do século XIX; en Filosofía, todo un clásico, Kant ou Platón. Polo tanto, nunha hora abréñse de novo estas portas para o selectivo, tres días dunha xornada, dunhas probas que representan o 40% da nota final para acceder á universidade.

9 da mañá, hora oficial de inicio das probas.

-Guzmán Vázquez, Manuel.

10627 alumnos afrontan a selectividade ben provistos de bolígrafos e ben preparados.

- Empecei bastante pronto a estudar e onte, por exemplo, non estudei xa e estou tranquilo.

Minutos despois, ábreñse os exames con dous estudantes como testemuñas. Exame de Lingua e Literatura feito; sensacións positivas.

- Saíume ben. A opción que escollín foi a que eu *creía* máis fácil, pero creo que foi a máis escollida, e nada, caeu o Romanticismo, caeu a Xeración do 98, caeron as obras de *Plenilunio* e *Crónica dunha morte anunciada*.

E antes do exame de Historia ou Filosofía sempre queda tempo para un último repaso e unha quiniela.

- Eu creo que pon o franquismo ou Transición ou...

- A min...

- Entre franquismo e Segunda República, algunha dos dous probablemente caía.

Fonte: <http://www.crtvg.es/informativos/10-627-alumnos-galegos-comezan-as-probas-de-selectividade-1214040>

TEXTO 2

Dende hoxe pódese solicitar praza nalgunha das 142 escolas infantís da Xunta de Galicia integradas na rede coñecida como Galiña Azul. Os requisitos e os procedementos para solicitar praza veñen publicados no Diario Oficial de Galicia. Trátase de 142 escolas infantís que ofrecen este ano máis de 8200 prazas, 700 máis respecto ao curso pasado. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 31 deste mes.

Fonte: <http://www.crtvg.es/informativos/a-volta-a-rutina-tamen-chegou-hoxe-para-os-cativinos-na-rede-galina-azul-1421982>

TAREFA 3:

Quen era Charles: un aventureiro-explorador, un burgués acomodado, un científico afeccionado, un incansable observador de miñocas, percebes, escaravellos e toda clase de bichos ou un revolucionario?

Autobiografía de Charles Darwin.

Para maior mortificación miña o meu pai díxome unha vez:

-O único que che interesa é a caza, os cans e cazar ratas e vas ser unha desgraza para ti e para toda a familia!



Pero meu pai, que era a persoa máis amable que xamais coñecín e cuxa memoria amo con todo o meu corazón, debía estar anoxado e foi un chisco inxusto ao pronunciar tales palabras. Gustárame engadir aquí unhas cantas anécdotas e observacións sobre meu pai que foi, en moitos sentidos, un home notable.

Medía 1,88, era de costas anchas e moi corpulento, nunca vin un home tan grande. A última vez que se pesou chegou aos 152 quilos e despois aínda aumentou moito de peso. As súas principais características intelectuais eran a súa capacidade de observación e a súa actitude comprensiva que xamais vin superadas nin igualadas. Sentía como súas non só as tribulacións dos demais senón tamén e, en maior grado, as ledicias de quen o rodeaban e isto leváballe a idear continuamente estratagemas para facer gozar á xente e realizar actos xenerosos, iso si, sen chegar á extravagancia.

Certamente, o meu pai amosaba unha confianza que pouca xente se tería atrevido a amosar. Un cabaleiro irlandés, un perfecto descoñecido veu ver ao meu pai certo día dicíndolle que perdera a súa bolsa e que para el sería un grave inconveniente agardar en Ketsbury ata poder recibir un envío de diñeiro desde Irlanda. A continuación, pediulle ao meu pai que lle prestara 20 libras, cousa que meu pai fixo de inmediato pois tiña a certeza de que a historia era verdadeira.

En canto transcorreu o tempo *requerido* para unha carta enviada dende Irlanda, chegou unha cos agradecementos máis profusos e que segundo dicía o remitente, incluía un billete de 20 libras do Banco de Inglaterra; pero a carta non contiña billete ningún. Pregunteille ao meu pai se iso non lle facía vacilar e el respondeume:

-Nin o máis mínimo, Charles.

Ao día seguinte chegou outra carta con moitas excusas por ter esquecido, como auténtico irlandés, incluír un billete na carta do día anterior.

Supoño que foi a súa empatía o que lle deu unha capacidade ilimitada para gañarse a confianza dos demais e fixo del, en consecuencia, un médico de gran éxito e o seu éxito foi tanto máis notable se temos en conta que apenas podía ver sangrar a unha persoa, horror que me transmitiu a min.

Comezou a practicar a medicina por imperativo paterno, antes de ter cumpridos os 21 anos, e os ingresos daquel primeiro ano déronlle para manter xa a dous cabalos e un criado. Ao ano seguinte, a súa consulta ampliouse e así continuou durante máis de 60 anos.

Fonte: www.crtvg.es

TAREFA 4:

No programa de hoxe, iremos ata Allariz para coñecer a Luigi e a Maricarmen, eles son unha parella de emigrantes retornados que decidiron instalarse en Allariz e montar un negocio.

A primeira historia de *Hábitat* lévanos ata Allariz, unha vila que destaca pola exemplar recuperación da súa zona histórica, que vive un auténtico auxe comercial. Un bo exemplo diso son os protagonistas da nosa primeira historia, Luigi e Maricarmen, un matrimonio de italiano e galega que, despois de moitos anos na emigración, retornaron a Galicia.

Hábitat achégase hoxe a Allariz, unha vila ourensá que foi nomeada conxunto histórico-artístico no 1994; alí coñecemos a Luigi e Maricarmen, un matrimonio que vén de rehabilitar unha casa antiga para montar un restaurante. Luigi e Maricarmen acaban de volver de Suíza, onde estiveron traballando durante 20 anos. Para montar o negocio elixiron unha casa feita de palla e barro, en plena zona histórica.



A rehabilitación do restaurante Pallabarro levou bastante tempo, pero non foi a única. O Concello de Allariz está procedendo a unha rehabilitación integral da súa zona histórica, incluídos os negocios e tendas que xa existían, como a licoraría que rexenta José Luís.

“Foi a primeira rehabilitación que se fixo no casco en canto a fachadas. Despois o Concello pois... animounos a todos a... a rehabilitar os propios negocios, nós rehabilitamos a parte da elaboración dos licores. O casco histórico de Allariz viña... morrendo pouco e pouco, non, que pasa, que se animaron a rehabilitar, o negocio do casco estaba morto e... está totalmente rehabilitado e con afluencia... importante de turistas, non?”

Cada vez máis comerciantes escollen a zona vella para montar os seus negocios polas vantaxes que isto lles achega.

“Un pouco porque, porque é moito máis atractivo, non, á hora de... de captar un pouco... e... clientes que veñen de afora ou turistas, ou tal. Tamén é máis atractivo á hora do turista pois a zona vella, non? Podes vir cos teus fillos, *eiquí*, sabes, sabes que non vai haber tráfico”.

“Hai outro concepto que non se ve, que é a vida cultural que ten, raro é o fin de semana que non hai un acto cultural dentro do casco, vamos, que o casco ten unha rehabilitación integral, pero con vida, eh, con vida, non é un casco morto”.

O obxectivo da rehabilitación integral está cada vez máis preto, pero ao principio este programa do Concello xerou certa desconfianza entre a poboación. Nos últimos anos, o Concello puxo a andar un novo proxecto, para revitalizar o comercio na zona vella, que está a ter moito éxito.

Na oficina de rehabilitación do Concello de Allariz trabállase desde 1991 coa participación doutras administracións na rehabilitación e recuperación social da zona histórica. Actualmente, nesta iniciativa participan o Ministerio de Vivenda, a Consellería de Vivenda e Solo e o propio Concello de Allariz. As subvencións alcanzan o 40% do custe nas vivendas, o 50% nos locais comerciais e ata o 100% das fachadas.

A maior novidade é o programa de *oulets*, creado no 2006, xunto á Consellería de Vivenda e Solo, para o asentamento de 14 firmas de moda galega e de prestixio internacional con prezos reducidos. Ata o momento, en Allariz producíronse 420 rehabilitacións e planéase ampliar a actuación ata a rúa do Portelo.

Luigi e Maricarmen, ademais do seu negocio, querían un lugar para vivir; a eles gústalles moito o sitio onde montaron o restaurante e querían algo que lles quedase preto de alí. Estiveron máis dun ano buscando, pero a espera pagou a pena.